Me están a fartar

Estrofas **Am – C – G – Am**
Retrouso **Am – C – D – Am**
Ponte / transición **C – D – F – Am**

Estrofa 1
Am – C – G – Am
Ficas esperto, busca o teu soño,
Ti saes correndo, xa non tes dono,
Mais todo aquilo que ás veces pensas,
Ti xa vas fartoooo, busca o teu soño!!!

Estrofa 2
Am – C – G – Am
Eran ditaduras de xente de mal,
Eles só pensaban no seu benestar,
Mais a súa xente mal o está a pasar,
E ninguén se lembra de quen queda atrás!

Retrouso
Am – C – D – Am
Mais coma galego póñome a pensar,
Qué querés que che digaaa...!!!
Me están a fartar!!!
Me están a fartar!!!
Me están a fartar!!!!

Estrofa 3
Am – C – G – Am
Moitos eran homes, mulleres e nenos,
Trataron a moitos peor ca a cadelos,
Moitos murmuraron co medo no corpo,
E ninguén pensando no medo dos outros.

Estrofa 4
Am – C – G – Am
Século vinteún, dicían que andamos,
Mais ás veces penso que alí nos quedamos,
Naquelas cavernas algún aínda queda,
Mudaron as formas, pero a merda é a mesma.

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 5
Am – C – G – Am
Galicia foi terra de ir e voltar,
De barcos cargados buscando outro lar,
Hoxe son outros que veñen e van,
Veñen coa esperanza, poder prosperar.

Estrofa 6
Am – C – G – Am
Que ninguén decida quen ten que vivir,
Que ninguén escolla o seu porvir,
Non sei que lle pasa á nosa humanidade...
Cada día máis fartoooo da desigualdade!!!

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 7
Am – C – G – Am
Non quero un mundo de ricos e pobres,
Nin portas pechadas, nin muros enormes,
EU quero que a xente poida decidir,
Onde medra, onde marcha... e onde quere vivir!!!!

Retrouso final
Am – C – D – Am
Mais coma galego póñome a pensar,
Qué querés que che digaaa...!!!
Me están a fartar!!!
Me están a fartar!!!
Me están a fartaaaaaar!!!!